



## **BIBLIOTECA 2.0.**

### **Un proxecto e mil historias.**

Son obxectivos do proxecto lector de Quintela entre outros, o fomento da lectura, a educación documental e a formación de usuarios. As tecnoloxías da información, o traballo por proxectos e a colaboración das familias constitúen unhas ferramentas vitais na consecución destes obxectivos. Por esta razón están integradas nas propostas da biblioteca.

### **Biblioteca 2.0.**

A primeira función coa que empezou a súa andadura o blog (<http://bibliotecadocole.blogspot.com>), foi servir como unha ferramenta para o fomento da lectura.

Múltiples posibilidades pode ofrecer o blog como: desenvolver actividades de [formación de usuarios](#), traballos documentais, consulta en prensa, webquest, enlaces con información sobre proxectos de aula, novas literarias, [traballos na galipedia](#), páxinas de recursos, etc.

O funcionamento do blog crea a necesidade doutros soportes diferentes onde amosar a información. As pequenas películas, as presentacións de diapositivas, as revistas dixitais e os álbumes de fotos son habituais no blog recollendo infinidade de tarefas educativas.

Estas producións multimedia son:

De animación á lectura: [recitados](#), contos narrados, [contos ilustrados](#), banda deseñada, [adiviñas](#),...

De apoio á educación documental: presentacións informativas sobre temas do currículo, elaborados tanto [adiviñas](#) como polo [profesorado](#).

Presentacións documentais sobre [proxectos de investigación](#) realizados nas aulas, e coa apoio da biblioteca escolar.

A diversificación de proxectos impulsounos á creación de blogs para todos os ciclos, pero o da biblioteca segue a ser o noso centro de recursos na rede, e o lugar onde parten as propostas de traballos documentais.

### **Un proxecto.**

No CEIP Quintela traballamos un proxecto interdisciplinar anual, no que participa todo o profesorado e alumnado.

E un modo de traballar que obriga a ter claro onde buscar a información (obriga a formar usuarios), favorece a investigación e uso de fontes variadas, crease a necesidade de recoller información elaborando documentos para logo expoñelos ao resto da comunidade educativa, e sobre todo, contribúe á consecución das competencias básicas, entre elas o **tratamento da información e competencia dixital, a competencia para aprender a aprender e a autonomía persoal**.

O pasado curso traballamos "A ciencia" en tres bloques trimestrais: [Galileo e a astronomía](#), Os inventos e descubrimentos, e As mulleres e a ciencia.

Desenvolvemos o seguinte esquema xeral:

Nos tres trimestres o proxecto empeza cunha [carta que "Paco"](#), a mascota de biblioteca, envía a todas as titorías para pedirles que investiguen.

Cada curso ten unha proposta diferente, cunha selección de [recursos no blog](#), e bibliografía na biblioteca. Debe producir unha presentación documental diferente, e con todas elas faise unha exposición, con guía, e que todos as clases visitarán para aprender todos de todos.

Ademais complétanse os traballos con actividades voluntarias, visitas, etc.

### **Mil historias.**

A consolidación dunha serie de actividades camiña cara o obxectivo de fomentar o hábito da lectura, buscando crear ambientes lectores.

Dende o equipo de biblioteca fixamos a atención **nas familias** como parte importantísima para traballar por ese obxectivo. Dende hai varios cursos movémonos nesa dirección, con varias actuacións.

- ❖ As [mochilas viaxeiras](#), que inclúen lecturas para os pais, un xeito de meter nas casas unha porción da biblioteca escolar.
- ❖ Préstamos para pais e nais.
- ❖ En Abril, [mes do libro](#), achégaselles dende hai tres cursos unha pregunta relacionada coa lectura. Coas respostas organízase unha exposición, e un libro.

Dado que desde o principio , as familias mantiveron unha actitude moi positiva cara as nosas propostas, creándose en abril do 2010 e un pequeno equipo de apoio á biblioteca escolar.

O obxectivo que se persegue é desenvolver actuacións cara o fomento da lectura na casa, e a mellora dos servizos da biblioteca escolar fora do horario lectivo.

Estas son algunhas das actuacións que o equipo de apoio foi desenvolvendo :

- ❖ Elaboración dunha [enquisa](#) para as familias para recoller suxestións sobre a colección .
- ❖ Creación de un fondo de libros cedidos temporalmente polas familias, para préstamo.
- ❖ Xornada de [portas abertas](#) da biblioteca escolar só para as familias.
- ❖ Preparación e xestión do préstamo de verán [Historias para monte e praia](#). Trátase dun préstamo de lotes de libros para o verán para ás familias que o soliciten.

Neste curso, o equipo de apoio aumentou o número de compoñentes , e segue a traballar. Actualmente ten en marcha un club de [club de lectura](#) e nais, que xa está funcionando, e están preparando unha visita á biblioteca pública, unha especie de xornada de portas abertas para os pais e nais de Quintela.

Este é un camiño no que todos estamos aprendendo, que ata agora só nos deparou agradábeis sorpresas, animándovos a que empededes xa a percorrelo.

Moaña 23 de outubro 2010

Isabel Vázquez Rosales  
Belén Escaríz Ferrín